

ACORDO ENTRE A XUNTA PTXAS E A XERENCIA PARA SOMETER A APROBACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO A PROPOSTA DE REGULAMENTO SOBRE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DAS ESCALAS E SUBESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO EN RÉXIME DE PROMOCIÓN INTERNA.

Considerando que o día 24 de maio do ano 2024 se formalizou o acordo entre a Comisión Unitaria de Negociación do PAS e a Xerencia sobre a provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna.

En atención á natureza e alcance xeral da materia regulada no mencionado acordo, e co fin de garantir a aplicación homoxénea das súas previsións, resulta necesario elevalo a categoría de regulamento, dotándoo de carácter xeral e permanente no marco da potestade normativa derivada da autonomía universitaria.

Asemade, na reunión de 12 de febreiro de 2026 a Xunta PTXAS e a Comisión de Seguimento de acordos de 2009 adoptaron a decisión de incluír unha disposición adicional segunda aclaratoria da subsidiariedade de ampliación de listas de agarda e unha disposición transitoria relativa a recoñecer o dereito de reserva do posto de traballo, con efectos retroactivos a 24 de maio de 2024, das persoas que se atopen na situación que se regula no documento, polo que resulta:

Primeiro. Engadir unha Disposición Adicional Segunda: “De conformidade co disposto no artigo 2.3 do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, de tratarse da cobertura de necesidades que non foron convocadas na oferta de emprego con carácter previo á súa cobertura, ou ben de esgotarse as listas anteriores, realizaranse convocatorias específicas, que serán subsidiarias, de ser o caso, das xerais, tanto de promoción interna como de acceso libre, derivadas do concurso-oposición correspondente”

Segundo. Engadir unha Disposición Transitoria: “As persoas que se atopen na situación xurídica regulada nesta norma terán dereito á reserva do seu posto de traballo, con efectos retroactivos á data de formalización do acordo o 24 de maio de 2024, agás o caso de que os postos fosen convocados para a súa provisión definitiva”.

Terceiro. Elevar ao Consello de Goberno a aprobación do Regulamento sobre provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna.

Vigo, asinado dixitalmente

A xerenta
Yolanda T. Lesmes Romero

O presidente Xunta PTXAS
Carlos Mollinedo

REGULAMENTO SOBRE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DAS ESCALAS E SUBESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO EN RÉXIME DE PROMOCIÓN INTERNA

O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, recollen o dereito á promoción profesional e a carreira profesional dos empregados públicos e encomendan o desenvolvemento do seu réxime ás correspondentes Administracións Públicas.

En idéntico senso os estatutos da Universidade de Vigo recollen o dereito ao fomento da promoción interna, de acordo cos méritos e experiencia dos candidatos e ao desenvolvemento dunha carreira profesional, e o dereito a acceder á promoción profesional.

Malia isto, ningunha das normas estatutarias fan referencia de xeito específico á promoción profesional de carácter temporal como estadio inicial da carreira de méritos a conseguir para a participación nos procesos selectivos que consoliden definitivamente a dita promoción, xogando como única posibilidade de valoración os acadados en categorías distintas ás que se accede, sen que poidan entrar en xogo a experiencia profesional adquirida mediante desempeño de funcións do mesmo grupo e ou categoría con carácter provisional, o que entraña en si mesmo unha contradición á efectividade de aquel dereito.

Dende esta perspectiva, a anomía, relativa ao caso que nos ocupa deriva nun baleiro normativo que non outorga solución nin á Administración, que sería a beneficiada por contar con aspirantes con dita experiencia e formación na quenda de promoción interna, nin a persoa interesada na súa promoción como unha faceta da súa carreira profesional, dado que tal baleiro implica a ausencia de garantías relativas á reserva do seu posto de traballo e á súa condición funcional de orixe respecto á escala e subescala de procedencia, o que se traduce na inhibición concernente ao inicio do itinerario profesional. Neste senso cómpre lembrar que algún sector do emprego público xa o teñen resolto.

Malia isto, existe un antecedente na Universidade de Vigo no Acordo de 3 de outubro de 2018 polo que se regulou o sistema de provisión de postos vacantes mediante nomeamento provisional do PAS funcionario nun grupo ou subgrupo de titulación superior, pola que se establecía que o persoal nomeado provisionalmente cando ocupe,

como persoal funcionario interino, un posto de traballo da Universidade de Vigo que estea adscrito a un corpo ou escala superior ao de pertenza, será declarado na situación de excedencia voluntaria por nomeamento provisional nun grupo ou subgrupo superior, tendo dereito á reserva do posto de traballo de orixe do cal sexa titular.

Cómpre así mesmo, traer a colación a facultade recollida no artigo 14 do Convenio Colectivo para persoal laboral da Universidade de Vigo, inscrito e publicado mediante Resolución de 11 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais “*Funcións de categoría superior. O Reitor, se estimase a concorrencia de razón técnicas ou organizativas que así o xustifiquen, poderá autorizar a realización de funcións de categoría superior*” e “*As normas de xestión de listas de agarda fixarán os criterios para a provisión temporal de postos de categoría distinta ou superior*”.

Pola súa banda, o Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, publicado por Resolución de 31 de marzo de 2009, pola que se publica o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, no que se recollen as características xerais das convocatorias de selección temporal, baremos de selección e criterios xerais de xestión das listas de agarda establece como criterio prioritario de chamamento ao persoal que figure nas listas de acceso interno fronte as de acceso libre.

Tralo proceso de funcionarización do persoal laboral suxeito ao Convenio Colectivo de persoal laboral da Universidade de Vigo, inscrito e publicado mediante resolución de 11 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, determinadas condicións de traballo mudaron por mor da suxeición plena ao réxime funcional contido no Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro e Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Xa que logo, de conformidade, co establecido no Acordo de funcionarización “*Desde a toma de posesión como persoal funcionario de carreira, seralle de aplicación a todos os efectos, a normativa sobre o persoal funcionario aplicable na Universidade de Vigo*”

Na actualidade, perviven as listas de acceso interno en determinadas categorías obxecto do Acordo de funcionarización que están integradas por persoal fixo doutras categorías entre outras técnicos especialistas en biblioteca, técnico especialista en tecnoloxías da información, técnico especialista de servizos xerais (conserxería e deportes), auxiliar administrativo, etc, que permitían a cobertura de necesidades de persoal temporal con profesionais da Universidade de Vigo, achegando experiencia, formación e

coñecemento do medio.

O contexto das relacións laborais é tributaria dun réxime no que se aborde a materia de promoción profesional cos órganos lexitimados de representación do persoal. Malia isto, durante este período transitorio, cómpre, no marco da normativa estatutaria e os seus principios básicos, resolver a situación dos profesionais que se produce por mor da funcionarización, de tal xeito que esta situación non obste ás posibilidades de promoción e desenvolvemento profesional recollidas na mesma. Cómpre harmonizar a situación producida tralo acordo de funcionarización en orde a proceder á cobertura temporal axeitada dos postos de traballo e facer efectivos os dereitos do persoal á súa promoción profesional, establecendo as axeitadas garantías en relación cos postos dos que son titulares polo vínculo de orixe, para que aquel dereito poda exercerse de forma real e efectiva, tendo en conta o marco normativo do réxime funcionarial, se ben limitado no tempo, atendendo a normativa que limita a ocupación temporal dos postos de traballo e sempre garantindo a real efectiva concorrencia para o acceso o emprego público, previstos no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Previo acordo coa Xunta PTXAS se procede polo Consello de Goberno a aprobación do regulamento sobre a provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna.

PRIMEIRO. Obxecto

Constitúe obxecto do presente acordo establecer o réxime transitorio de provisión de postos vacantes mediante nomeamento provisional do PAS funcionario nun grupo ou subgrupo de clasificación distinto ao da súa pertenza como funcionario de carreira.

SEGUNDO. Ámbito de aplicación.

En tanto non se determine o sistema de acceso por promoción interna dende as escalas e subescalas de orixe, o desempeño temporal de postos de distinta categoría, escala ou subescala de pertenza que se realice ao abeiro do presente acordo circunscribírase ao

1. Desempeño de postos de traballo dun grupo ou subgrupo inmediatamente superior
2. Desempeño de postos de traballo do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación

TERCEIRO. Requisitos dos aspirantes

Son requisitos para o acceso ao nomeamento de funcionario interino:

1. Posuír a titulación e demais requisitos esixidos para o acceso a escala e subescala e grupo á que pertenza o posto de traballo a ocupar provisionalmente.
2. Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo durante polo menos dous anos na escala e subescala dende á que se accede sempre que pertenza ao grupo ou subgrupo inmediatamente inferior ou ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación profesional. Ao persoal laboral fixo que se tivese funcionarizado en virtude dos procesos celebrados ao abeiro do Acordo de funcionarización aplicaráselle o establecido no artigo 13, polo que se tomará como referencia para o cumprimento da antigüidade mínima na respectiva subescala, os servizos prestados con tal carácter na categoría laboral de integración.
3. Non superar a idade de xubilación forzosa
4. Estar inscrito na listaxe de agarda da escala e subescala correspondente ou participar no proceso selectivo que se convoque, de conformidade co previsto no Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, do 23 de marzo de 2009.
5. Estar en situación de activo ou asimilada, no intre do chamamento.

Malia o previsto no parágrafo segundo o persoal funcionario de subescalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderá acceder á provisión temporal de postos de traballo subgrupo A2, sempre que cumpra cos requisitos establecidos neste apartado terceiro.

CUARTO. Nomeamento

Ao persoal que pase a ocupar un posto de traballo nas condicións determinadas no presente acordo nomearáselle funcionario interino e será declarado en situación de excedencia voluntaria por nomeamento provisional noutra escala ou subescala da Universidade de Vigo, con reserva do posto de traballo de orixe do cal sexa titular por un período máximo de tres anos.

Malia isto, dito período poderá ser obxecto de prórroga para o caso de que o posto desempeñado fose obxecto de convocatoria en trámite, ata o remate do proceso selectivo.

QUINTO. Orde de prelación dos chamamentos para a cobertura temporal de postos de traballo

De conformidade coa normativa vixente e os acordos adoitados entre os representantes dos traballadores e os órganos de dirección da Universidade de Vigo, os postos de traballo de necesaria cobertura con carácter temporal proveranse consonte a seguinte orde de prelación:

1. Comisión de servicios entre o persoal da mesma escala ou subescala.
2. Persoal que figure nas listas de acceso interno pola orde de prelación que corresponda.
3. Aspirantes das listas de agarda pola orde de prelación que corresponda de conformidade co establecido na Resolución do 31 de marzo de 2009, pola que se publicou o Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos desta universidade, e os acordos ditados no seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O presente acordo non obsta a aplicación do Acordo para o nomeamento provisional do PAS funcionario nun grupo ou subgrupo superior de 3 de outubro de 2018, para os casos establecidos no seu ámbito de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

De conformidade co disposto no artigo 2.3 do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, de tratarse da cobertura de necesidades que non foron convocadas na oferta de emprego con carácter previo á súa cobertura, ou ben de esgotarse as listas anteriores, realizaranse convocatorias específicas, que serán subsidiarias, de ser o caso, das xerais, tanto de promoción interna como de acceso libre, derivadas do concurso-oposición correspondente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As persoas que se atopen na situación xurídica regulada nesta norma terán dereito á reserva do seu posto de traballo, con efectos retroactivos a data de formalización do acordo o 24 de maio de 2024, agás o caso de que os postos fosen convocados para a súa provisión definitiva.

Vigo, asinado dixitalmente

EXPOSICIÓN
PÚBLICA